

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

MARÍA DO CEBREIRO, POETA

"No sentido común é onde podes cuestionar o que das por obvio, abanear as certezas"

Vén de presentar 'Cuarto de Outono' e en novembro verá a luz 'Non son de aquí', previo á publicación dun disco a partir dos seus poemas.

Marcos S. Pérez - 11:00 10/10/2008

Poeta, investigadora e docente na USC, tradutora e ensaísta. María do Cebreiro, poliédrica, mais sempre construíndo o mesmo discurso sólido, orixinal, valente, asentado en tantos pés como disciplinas. En poesía coñecemos en *O estadio do espello*, *(Nós, as inadaptadas)*, *Non queres que o poema te coñeza*, *O barrio das Chinesas*, *Os Hemisferios*, e agora *Cuarto de outono*, publicado en Sotelo Blanco. E moi logo chegará ás librarías *Non son de aquí*, da man de Galaxia. E en 2009 teremos un disco coa súa voz e os seus poemas que gravará con David Miranda en decembro nos estudos de Arturo Vaquero. Estamos, sen dúbida, ante unha das producións poéticas máis sólidas e orixinais da literatura galega contemporánea.

Estás de acordo en que 'Cuarto de Outono' é un libro máis sinxelo, máis directo na forma cás túas obras anteriores, por exemplo 'Os Hemisferios' onde tiñan máis presenza, quizais, elementos metalingüísticos?

O que dis dos elementos metalingüísticos é moi interesante, porque *Os Hemisferios* explicase dende Wittgenstein, e todo o que eu lera daquela sobre pragmática da linguaxe, o que di Wittgenstein de que o sentido é o uso no contexto, todas esas ideas foron fundamentais á hora de escribir ese libro. E ao mellor non se deixaba ver tanto na superficie, porque aquel libro era tamén unha teoría da superficie, de que a pel é o profundo, de que o que aparentemente non ten relevo é o que ten densidade; como dicía o poeta, 'o profundo é o aire', o profundo é a pel, e iso era *Os Hemisferios*. Era un libro de aparente sinxeleza que non era tal. Pero estou de acordo contigo, porque *Cuarto de Outono* paréceme máis sinxelo, aínda que tamén teño escoitado o contrario. Creo que é un libro máis fluente, bastante río nese sentido, ou cando menos quere xerar esa impresión, de algo que corre, de algo que vai facendo aos poucos. E despois está o ritmo: é un libro cantarín, e que permite ser cantado. Penso que é un libro vocálico, en contraste con outros máis consonánticos.

Así e todo, paréceme que a través desa sinxeleza formal o libro afonda moito; sitúa ao lector en lugares comúns, nos que el se reconece, nos que entra moi directamente e se atopa moi cómodo, e alí é onde o poema o golpea...

O tema dos lugares comúns é curioso, porque eu síntome moitas veces, no traballo intelectual e no traballo

poético, abaneando as certezaas. Para abanear as certezaas hai que situarse no horizonte do sentido común, e é alí onde podes cuestionar o que das por obvio. É unha estratexia un tanto socrática, a de extraer a verdade dese diálogo que é un pouco irónico, que é lúdico. Relacionado con iso, ás veces chama a atención que o traballo máis intelectual, as reflexións metalingüísticas ou metapoéticas, vaia enleado con esa presenza do cotián. E si che podo dicir que para min están en total e absoluta comunicación, non as podo separar, e non me sentiría cómoda se faltase unha ou a outra.

Na túa condición de investigadora, e tendo en conta que dun xeito ou doutro levas toda a vida na literatura, tamén a través da túa familia, non sei até que punto ás veces as palabras, que son o medio para relacionarnos coa realidade, poden converterse nunha carga pesada de máis. Non sei se ás veces, por ese uso constante, dificultan a comunicación...

Chomsky ten unha visión moi rica sobre a linguaxe, di que é o medio de acceso á verdade máis democrático, porque a linguaxe témola todos. Todos estamos lidiando con esas 'perras negras' como dicía Cortázar, esa relación co verbal é común a todos, sexamos ou non conscientes diso. Pero para min é unha forza; de feito até hai pouco non se concibía que alguén que escribise non tivera un coñecemento profundo sobre a linguaxe. Moitas veces a xente confunde a citación como unha forma vacua de pedantería, e pode selo, e de feito na poesía galega máis recente teno sido sen dúbida. Pero no fondo ese recoñecemento de que a nosa palabra non é orixinal, que vén detrás de nós, e que vai seguir despois de nós, eu véxoo como unha forma de humildade, non de arrogancia. O coñecemento nunca sobra, outra forma é como o empregamos: se iso nos abouxa ou cae como unha lousa que nos impide facer nada; o perfeccionismo tende á esterilización, todo ese saber que vén antes de nós non nos pode paralizar.

Cres que o postmodernismo, a reflexión continua ao redor da identidade, funciona como unha cortina de fume, un decorado que impide ver o que hai detrás, unha forma de non afondar en nada?

Falas de postmodernidade, pero estamos nun paradigma postidentitario. A noción de identidade foi moi importante até o 2000 ou 2001, pero agora ponse máis énfase no concepto de diferenza. Eu comparto contigo esa idea, que as buscas excesivamente especulares e excesivamente metarreflexivas poden levar á parálise, pero é que calquera procedemento pode levar a iso. En cambio defendo a autoconciencia: volvendo a Wittgenstein, é a idea tan bonita de subir a escaleira e logo tirala; a consciencia é importante cando un está facendo algo, porque dá sentido da propia posición, e a relativización da propia posición. Pero si que hai que distanciarse despois de todo iso, poñer distancia e falar de algo.

A poesía fai preguntas e a narrativa contéstalas? A poesía non está obrigada a contestalas e a narrativa si?

Gústame moito o de facer preguntas, esa idea de cuestionamento constante, de combate a través da interpelación, para min está moi ligado ao traballo da poesía. Pero eu non distinguiría tanto entre o traballo dos narradores e o traballo dos poetas. Un artigo moi aburrido de Martin Amis comezaba dicindo que o novelista, fronte ao poeta, vía os feitos históricos con normalidade; pero por que hai que colocar ao poeta nesa situación de ser anómalo, retorto? Hai novelistas moi retortos, tamén. Non creo no desdoblamento entre poesía e crítica, nin entre poesía e novela.

Cres que a xeración actual de poetas, en relación coa dos noventa, é máis libre á hora de relacionarse cun estilo e outro, cunha tradición e outra? Quizais na década pasada había unha necesidade maior de marcar diferenzas coa xeración anterior, de 'matar ao pai', seguramente por proximidade temporal e estilística, unha necesidade que hoxe non existe.

Homoxeneizar homoxeneiza o tempo, que como dicía Borges é o mellor antólogo. Coidado co tempo porque vai ver ti como nos xulgará. Por iso igual vemos máis homoxénea a xeración dos noventa, só porque pasou o tempo. Hai algo no humano que precisa anoarse no xeracional, porque necesitamos etiquetas e filtros, e iso tampouco está tan mal. A min encántame o que se está facendo agora na poesía, e a moitos

niveis síntome moi cerca do que se fai agora, do que fan os que escriben nos últimos cinco anos, en ética e estética.

Como vai ser *Non son de aquí*? Levas xa un tempo con el, non si?

Está para saír, seguramente dentro dun mes. É un libro que xa empecei a escribir hai uns anos, pero tamén hai poemas que teñen moito tempo en *Cuarto de Outono*, que é un libro moi *collage*, en canto ao sentido da estrutura e da montaxe, e pretendín que iso se notase, non harmonizar, senón marcar os cortes e rupturas, xogar moito coa idea de bosquejo, de borrador. Interésame moito isto: é como se o poema xogase a figurar que é o seu bosquejo. En cambio *Non son de aquí* é un libro máis producido, utilizando a metáfora musical. *Non son de aquí* empecei a escribilo en Lisboa, de aí o título, pero despois volvo a Galicia e tampouco son de aquí. É un libro no que hai moitísimos nomes de lugares, iso é importante: atar o poema a un sentido de lugar, un lugar que non sexa nacional, senón a toponimia pequena, que é a única na que son capaz de sentirme identificada.

E non por casualidade dediqueillo a meu avó, supervivente dun campesiñado en vías de extinción: O libro ten moito que ver coa supervivencia, coa testemuña da desaparición, algo que se vai e non temos por que reemprazar, un tipo de perda e de loito que non se chorou socialmente, un cuestionamento á noción de identidade, pero non a individual ou psicolóxica. É un libro sobre o desapego e sobre a distancia. No afectivo postula a necesidade do desapego como condición á entrega, pero iso tamén rexe na identificación co lugar.

Lígase a (*Nós, as inadaptadas*)? Ou tan só no título?

No estilo non. Agora estou escribindo uns 'poemas históricos', que están máis ligados a (*Nós, as inadaptadas*) no estilo, un estilo case épico. O título si que fai referencia a cousas parecidas, a unha incomodidade nunha situación estábel, que é algo que aparece en moitos poemas meus, porque é algo que me pasa con frecuencia. Pero é unha incomodidade que defendo, porque me parece imprescindible para facer as cousas honestamente.

E que hai do disco?

É unha cousa moi bonita. Para min é retomar un camiño que estaba un pouco esquecido. Está David Miranda, que está facendo a súa tese de doutoramento en Bangor e dá clases alí, e díxerame que estaba facendo cancións a partir de poemas meus. E cando estiven en Bangor o ano pasado empecei a traballar con el e á xente gustoulle. Traballamos con poemas de *Non son de aquí* e *Cuarto de Outono*, e algún de *Non queres que o poema te coñeza*. E o 17 de decembro iremos ao estudio de Arturo Vaquero a gravar. Non é o mesmo que se alguén musica un poema teu, aquí puiden participar no proceso. Por prexuízos, sempre fun bastante alérxica ao concepto 'musicar poemas', pero David traballa cuns patróns e cunha modernidade que me convenceu moitísimo. E deille total liberdade, e grazas a que fixo o que quixo, creo que saíron unhas cancións que teñen sentido como tal, non poemas musicados. Se alguén me di algunha vez que ía acabar cantando pop ríriame na súa cara.

O mércores Joan Margarit recibiu o premio estatal de poesía. Gústache?

Gústame moito o que escribe, creo moito no seu proxecto, demostra que o problema dese conversacionalismo, que se chamou poesía de experiencia na poesía castelá, non era do modo poético, senón de quen o cultivaba. Non digo que Margarit sexa conversacional, pero xoga moito coa sintaxe, coa palabra falada, pero faino cun rigor que aí cabe o universo. E ademais dixo as palabras máis xustas e atinadas sobre Rosalía: falou da conexión entre Rosalía e a poesía inglesa, que eu estendería á narrativa de Rosalía, que hai que lela dende o gótico, non dende o Romanticismo español. É un erro, e como se le así, non se entende e dise que non era grande como novelista, cando é un tópico crítico que probablemente haxa que desmontar no século XXI.

Falamos da crise económica? Vivimos un momento de desvelamento do capitalismo. Estes días máis que nunca 'Socialismo ou barbarie'?

As crises poden ter mesmo un sentido kantiano, dos puntos de inflexión, son o que permiten que as cousas saian á luz. É peor este momento que outro? Todos estabamos vivindo unha ilusión, pero había persoas que xa traballaban por desvelar esa ilusión, e ese pode ser o traballo de quen escribe. Nesta cultura que espectaculariza os bens, parece difícil crer niso, pero eu aínda creo que é posíbel.